

R G T

Revista Galega de Teatro Outono 2008 Número 56



TEXTOS / 53

Deus está de vacacións

de

Anxos Sumai

ANXOS SUMAI

*A escrita de Anxos arranca na súa mirada.
Ten uns ollos negros e un mirar húmido, cristalino,
cunha profundidade que convida a mergullarse neles.
Son ollos que falan.
Miguel Túñez*

E precisamente esa mirada é a que se percebe nidia detrás – e enriba , e dentro do seu texto “Deus está de vacacións”, que aquí presentamos. Unha mirada fonda sobre a soidade, sobre a inmigración, sobre as mulleres e sobre problemáticas comúns a todas elas, mais ao tempo comúns a todos nós, membros dunha sociedade -moderna?- que tivo que pagar a peaxe dunha perda de certos valores.

Dirixímonos a Anxos para encargarlle un texto teatral para o espectáculo *Emigrados*, de Teatro de Ningures, sabendo que, se aceptaba, ía ser a súa primeira obra teatral. Pero, claro, coñeciamos a súa obra narrativa e polo tanto esa ollada á que me referín ao principio. E iso era o que procurabamos, ao tempo que pensabamos gañar unha autora de valor para a escrita dramática. A encomenda pagou a pena. Deu á luz a esta peza que, se ben é certo que non está recollida literalmente en grande parte no texto resultante de *Emigrados* -o que subiu ás táboas- si é certo que o impregna todo, de principio a fin, coa presenza constante do desacougo pola perda de valores como a solidariedade, a amizade, a seguridade da compañía... con esa ollada feminina e nostálxica cara atrás –cara ao máis valioso dese atrás- desde unha situación actual que ás veces nos supera.

Non imos descubrir agora a unha Anxos Sumai que desde hai tempo, a pesar da súa xuventude, ven falando con voz propia, recoñecible e ben alta no espazo da Literatura Galega, pero si que podemos gozar coa descuberta dunha autora dramática á que convidamos ferventemente a pousar –tamén e máis veces- a súa ollada no Teatro.

Ata o de agora leva traballado na rede, na radio e en distintos medios de comunicación escrita e publicado obra narrativa como *Anxos da garda*, *Melodía*

de días usados, Así nacen as Baleas ou *Perigosamente xuntos*, ademais de participar en libros colectivos, ter escrito guións para cine ou letras para cancións. A súa obra valeulle premios tan prestixiosos como o “Premio da Crítica Galicia” (Anxos da garda – 2007), “Premio de xornalismo Literario e de Opinión *Roberto Blanco Torres* (Perigosamente normais- Diario Cultural da Radio Galega – 2007), “Premio de Narrativa Breve Repsol YPF” (Así nacen as baleas – 2007) e o “Premio Arcebispo Juan de San Clemente para novelas en galego” (Así nacen as baleas – 2008). Así mesmo foi elixida “Mellor autora do ano 2007” pola Asociación Galega de Editores.

Este texto teatral, *Deus está de vacacións*, foi a súa achega literaria para a dramaturxia do espectáculo *Emigrados*, estreado por Teatro de Ningures no ano 2007 con dirección de Etelvino Vázquez e con textos tamén de Sonia Torre, Cándido Pazó, Suso de Toro e Xosé Manuel Pazos. *Emigrados* acadou no ano 2008 o Premio Max ao mellor texto teatral en galego.

Xosé Manuel Pazos.

Unha sala. Na sala unha mesa baixa e dous sofás colocados en ángulo. Detrás dos sofás, andeis baleiros e un espello pousado contra a parede. O espello parece estar á espera dun acomodo definitivo. Nunha esquina, no chan, un floreiro cunhas horrorosas rosas vermellas de plástico, e caixas de cartón sen abrir. Unha muller branca, duns corenta anos, fala por teléfono. É un teléfono fixo, tamén de cor vermella, e está pousado enriba da mesa. A muller colga o teléfono e fala como para si, mentres mira arredor e abre unha caixa. Saca libros que vai colocando nos andeis, ó chou.

MAR- Levo aquí unha semana e xa chamaron polo menos unhas vinte persoas preguntando por unha muller que non son eu. Esa muller debeu vivir aquí antes de que eu me instalase e ó mellor aínda non tivo tempo de darlle ós seus amigos o novo número de teléfono. Pero cantos amigos ten esta muller, meu deus??!! Chaman ó fixo e son case sempre homes. Ás veces din directamente o nome da muller, Serena, e eu dígolles que Serena xa non vive aquí, aínda que é curioso que pregunten por unha muller que se chama Serena, porque no buzón o que figuraba era un nome distinto. Eu creo que un nome de home: Alioune Mbaye. Non sei se se pronuncia sí: A-li-ooou-nee Emm-ba-iiie. Gustaríame pronuncialo ben. É difícil para min, que non teño nin idea de idiomas, pronunciar nomes estranxeiros. Pero intento aprender. Paréceme de moi mal gusto non facer ningún esforzo para aprender o nome dunha persoa só porque che soa raro. A min levoume ben tempo aprender o nome dunha compañeira de traballo. É vasca. Tiven que repetilo moitas veces, porque me esquecía, ata que por fin un día cheguei á oficina e saudeina dicindo o seu nome e os apelidos: Itxaso Inchaurrendieta Uberetagoiena. Difícil, non si? Difícil de carallo. Os seus apelidos precisan dúas liñas no DNI, de verdade. Ao meu abondaríalle cunha soa liña: Mar Nin Paz. Pensei moitas veces que os meus pais me fixeran unha putada, que polo menos puideron poñerme o nome ben longo para compensar a herdanza xenealóxica. Afíxenme a el, pero hai días que penso en cambialo e poñer un nome como o de Itxaso que, de entrada, “acojona”. É unha tía coma min, casou cun emigrante galego que coñeceu en Bilbao e agora está viúva. Ten dous fillos universitarios, eu teño dous gatos. Traballamos as dúas cobrando recibos na Compañía de Auga, nun barrio onde hai cada vez máis inmigrantes. Ás veces non é doado explicarlle a un africano que por moito que chova a auga non é de balde. Para iso temos a Kali. Kali é africana. No carteliño que ten enriba da mesa figura o seu nome: Kalixte Kingué, con K. Na miña vida só hai unha palabra importante que comece con K e é o

nome de Kalixte, Kali, como lle chama todo o mundo. Non sei por que cando penso no seu apelido, Kingué, véñenme á cabeza os gorilas. Pero, ollo!, non é por unha cuestión racista, non é porque Kali sexa negra, que tampouco é negra tipo chamizo. É abrancazada, porque seica a súa avoa era portuguesa. Un día contounos que das poucas cousas que botaba de menos do seu país eran os gorilas, que ver un gorila sempre lle pareceu algo grandioso, como ver un deus.

Soa de novo o teléfono. É o teléfono vermello. Ela suspira, deixa os libros enriba dun sofá e limpa as mans contra a roupa. Cólleo de pé e pon cara de amabilidade, incluso sorrí como se a estivesen vendo.

MAR- Non, síntoo, pero Serena xa non vive aquí. *(Silencio)*. Non, non lle podo dar o seu teléfono. Non o teño, sabe? Eu non a coñezo de nada, aínda que se é algo urxente sempre podo falar co caseiro, ao mellor o caseiro sabe onde foi a vivir. *(Silencio, Mar escoita o que lle din e, de súpeto, exclama escandalizada)* Como di? Que canto cobro? *(Intenta arredar a desagradable sospeita que se lle pasou pola cabeza e cambia de ton. Ocórreselle que ao mellor é un cliente da Compañía de Auga)* Pregunta pola auga? Iso depende do que consumira, terá que mirar a factura. *(Espera unha resposta e nada)*.

Colga o teléfono e queda mirando as rosas de plástico que hai no floreiro. Despois mira o teléfono e sente como se se lle confirmase a sospeita que tivo cando o home que chamaba lle preguntou canto cobraba. Sentada no sofá, pensa no nome escrito no buzón: Alioune Mbaye. Un inmigrante, seguro; un sen papeis, seguro. Sería Serena unha inmigrante do leste, da Europa pobre? Hai pouco Mar leu unha entrevista que lle fixeran a unha moza búlgara que viñera a Galicia traballar na prostitución. Era moi guapa, dicía que fora modelo no seu país e que esperaba que chegase o 1 de xaneiro de 2007, que sería cando os búlgaros entrasen na Unión Europea, para poder regularizar a súa situación. Seica no seu país os reloxos das rúas descuentan o tempo que falta para o 1 de xaneiro. De pronto, fai un xesto coa man como escorrentando moscas. Quere borrar aquela idea que se lle meteu na cabeza e pensa, temerosa, que nada mais que é un prexuízo. Levántase e colle as rosas de plástico.

MAR- Ben. Un día destes terei que tirar estas flores. Terei que ordenar as miñas cousas. Non hai nada máis deprimente que ter a vida metida en caixas de cartón. *(Queda mirando o teléfono e volve facer o mesmo xesto coa man, intentando borrar as sospeitas)*. Poida que Serena só alugase cuartos. Non sería mal negocio

(*mira arredor*). O malo é que esta casa non ten cuartos que alugar. Que máis ten! Ela xa non vive aquí. Agora esta é a miña casa e este (*senalando o teléfono*) é o meu teléfono. O meu teléfono! Tamén terei que cambialo. Ten unha cor un tanto obscena. (*Ponse a colocar cousas nos andeis*) Ao principio, cando telefonaban eu só dicía: Aquí non hai ningunha Serena, pero cada vez enróllome máis coa xente que chama. Hai algo malo? Non, non hai nada malo en ser amable coas persoas. Eu cando chamo por teléfono a Kali ou a Itxaso é para falar e ás veces incluso me sirvo unha copa e fumo uns cigarros. Chamo por teléfono para falar porque ás veces síntome soa. Falo cos gatos (*percorre a sala coa mirada*) Tina? Miauuu, Tina? (*espera unha resposta, non a hai*) Nani? Naaani? Nani! (*imperativa*) Miauuu (*tampouco hai resposta*), pero case sempre os gatos andan ao seu, que é durmir ou lamber a barriga. Ao mellor iso é o que lles pasa aos homes que chaman a Serena, que queren falar. Ó mellor son inmigrantes e precisan axuda (*volve facer o xesto de espantar os pensamentos*). Kali contoume unha vez que na súa aldea africana non había espazo para torturarse pola soidade, simplemente porque era imposible sentirse só. Todo estaba pensado para que ninguén se sentise desprotexido, abandonado. Ninguén loitaba só contra a tristeza ou a enfermidade. Algo así era o que pasaba na miña aldea. Había antes o costume de compartilo todo, a enfermidade, a morte, os traballos. Por non ter nin tiñamos intimidade. Na miña casa, por exemplo, ninguén concibía como posible que houbera chaves nas portas dos cuartos, nin sequera había chave no váter. E en canto á tristeza..., a tristeza era un luxo prescindible. Como me dicía mamá unha vez, se estás triste ven comigo sachar unha leira e verás como se che pasa axiña. É curioso, pero sinto que teño moitas máis cousas en común con Kali, e iso que ela naceu en África, que con Itxaso, porque Itxaso viviu toda a vida nunha cidade.

Mar prende un cigarro, colle o teléfono vermello e marca un número. Espera. Ninguén descolga e cae derrotada no sofá. De pronto dáse conta de que ó mellor Kali non recoñece o número e volve chamala dende o móbil. Tampouco contesta. Deixa o teléfono sobre a mesa e fai un novo intento cos gatos, acomodando o colo para recibilos. Chámaos. Nada. Queda en silencio, fumando. Marca outro número no móbil, esta vez o de Itxaso. Espera. Nada. Volve chamar polos gatos e estes volven negarlle a súa presenza.

MAR- Merda! Nin sequera os malditos gatos me fan caso. Debería cambiar de nome para ter máis autoridade. Creo que un nome sonoro, forte e contundente ábreche camiños na vida. Cun nome como o meu estás condenada á brevidade

en todos os sentidos e para sempre. Brevidade no soldo, no espazo habitable, nas relacións. O meu coche é breve, e as miñas relacións amorosas foron sempre dunha brevidade deprimente. Pero as miñas amigas dinme que cambiar de nome sería negarme a min mesma. Sería como cambiar de cara e de corpo, como deixar de ser eu. (*Érguese do sofá e ponse diante do espello. Segue a liña do nariz cun dedo e, despois, apalpa o ventre*). Pois se tivese pasta non me importaría nada quitarme barriga, subir as tetas e poñerme un nariz máis bonito. Gústanme os narices remangados. Cando ves unha persoa que ten o nariz remangado sabes que é unha persoa boa e alegre e, case sempre, guapa. Tamén me gustaría poñerme silicona nos labios, facelos gordos e carnosos como os de Kali (*dobra coas mans os beizos cara arriba e cara abaixo e mírase no espello, contenta*). Non, non me importaría deixar de ser eu. Kali ten a miña idade pero está impresionante. Carallo se está maciza! (*sorríndolle ao espello*) Pero sabes que, parviña? Ao mellor a tipa fixo trampa cando solicitou os papeis e púxose máis anos dos que en realidade tiña. Ao mellor tiña vinte e puxo trinta. Seguro que fixo trampa. Todas as mulleres nos volvemos rechonchas a esta idade. Pero Kali é como unha columna de bronce, guapísima e case sen engurras. E iso que ten seis fillos. Seis, nada menos. Media ducia, como media ducia de ovos. E eu seilles os nomes de todos. Aprendinos repetíndoos moitas veces, como cando estaba na escola e tiña que estudar os afluentes dos ríos da Península ibérica. Río Douro, principais afluentes pola dereita: tal, tal e tal. E pola esquerda: tal, tal e tal. Río Kalixte Kingué, principais afluentes polo medio: Aminata, Roi, Mamadou, Sara, Ousmane e Antón. Dúas mulleres e catro homes. Porque é importante aprender o nome dunha persoa, por respecto, por cortesía ou por puro egoísmo. Porque a cambio esiximos que tamén se respecte a nosa identidade, os nosos narices imperfectos e as nosas barrigas avultadas. E as nosas engurras, que carallo!, que imos sendo vellas. Menos a Kali, a Kali trae xenes africanos, moi antigos, moi poderosos, como os xenes dos gorilas e dos baobás. Xenes tan fortes que nin a celulite se atreve a entrarlle no cu nin na barriga, acojónase. Acojónanse máis os xenes ante a africana que os clientes da Compañía da Auga cando veñen pagar as facturas e se atopan co nome de Itxaso Inchaurrendieta Uberetagoiena escrito nun carteliño enriba da súa mesa. Os máis pringados sempre deixan pasar a cola esperando a que sexa eu, Mar Nin, quen lles dea un novo prazo para pagar a auga.

Soa o teléfono móbil. Cólleo da mesa e aproveita para prender un cigarro antes de responder á chamada.

MAR- Si, fun eu. *(Silencio)*. É que me seguen chamando, é unha loucura. *(Silencio)*. Claro que son amable, que pensas! Non me coñeces? *(Silencio)* O que me chamou hoxe preguntoume canto cobraba e iso púxome nerviosa. *(Silencio)* Ao mellor a Serena aluga cuartos, ou bótalles unha man cos papeis. Eu que sei. Temos tantos prexuízos, tía. *(Silencio)* Muller, tan parva non che son *(Silencio)* Tes razón, o ghicho que chamou onte dixo que vira o anuncio no xornal. Só dixo iso. Ademais non sabemos que relación hai entre a Serena e o Alioune. *(Silencio)* A ti Alioune non che soa a nome de home? Pois ó mellor era o home da Serena. *(Silencio rendido)* Si, veña, non falarei máis do debido cando chamen.

Mar colga o teléfono e volve chamar polos gatos. Ningún aparece pero ela sírvelles comida e auga. Mira as caixas sen abrir e séntese derrotada. Colle as rosas vermellas, terma delas un tempo e déixaas sobre o sofá. Abre outra caixa e ponse a colocar libros nos andeis. Saca unha foto enmarcada e míraa un tempo, melancólica. Na foto están Mar, a súa nai e Kali.

MAR- A primeira vez que Kali veu comigo á aldea, avisei antes a mamá para que non levase un susto. E mamá, que só viu negros na tele, quedou flipada coa oportunidade de ter na súa casa unha persoa cunha cor inimaxinable para ela na vida real. Dixo algo así como que un negro era o único que lle faltaba por ver antes de morrer, e sen saír da casa. Comemos tranquilamente, mamá preguntoulle como chegara a vivir aquí e ela explicoulle que casara cun galego en Alemaña. A mamá gustoulle saber que Kali tiña seis fillos, coma ela, e faláron de que os fillos doen da mesma maneira en todas partes, que as nais senten o mesmo sexan de onde sexan e teñan a cor que teñan. A min pareceume fermosa aquela conversa e, antes de marcharmos, mamá pediulle moi educada que lle deixase tocarlle as mans e Kali ofreceullas. Mamá percorreu amodo a pel das mans de Kali, quería asegurarse de cómo era o tacto da súa pel porque pensaba que os negros tiñan a pel dura como o coiro. Sorprendeulle a súa suavidade, díxome cando me chamou máis tarde por teléfono. Díxome que lle sorprendera a suavidade da pel de Kali e tamén a cor dos seus ollos, porque a miña amiga ten o branco dos ollos de cor amarela. Nunca vira a ninguén que tivese os ollos amarelos.

Soa o timbre da porta e Mar deixa a foto nun andel despois de limpala amorosa coa manga da camiseta. Antes de abrir mírase no espello para comprobar que está decentemente vestida. Sorrí, ten a remota ilusión de recibir unha visita inesperada e pola cabeza pásaselle o sorriso dun mozo do que está un tanto

namoriscada. Sae da sala e volve ó pouco acompañada dunha muller que leva un xornal na man. É Itxaso e Itxaso está a rir.

ITXASO- Cando te chamei estaba a esperar por Kali nun bar e púxenme a ler o periódico. E sabes o que atopei na sección de contactos?

MAR- Así que ti miras a sección de contactos?

ITXASO- Só por curiosidade...

MAR- Só por curiosidade?

ITXASO- ¡Joder, tía! Ti non o fas, non o fixeches nunca? Estou viúva e de vez en cando apetéceme ter unha relación cun home, e que mellor que elixilo por catálogo? Vas ao seguro.... *(Deixa de falar, vendo a incomodidade de Mar. Sorrí, como negándolle co sorriso a confesión que acababa de facer)* Por favor, Mar, non me sexas parva!... Pois iso, que na sección de contactos atopei isto *(Achégalle o xornal e Mar queda abraiada mirándoo)*

MAR- Xesús bendito!

ITXASO- Joder! Non se che ocorre nada mellor que dicir?

MAR- Menudo fillo de puta! Que maricón!

ITXASO- *(Deixando o xornal sobre a alfombra e sentando no sofá)* Iso está mellor... Entendes agora o que che quería dicir? A Serena non alugaba cuartos nin recollía gatiños na rúa. Velo?

MAR- *(Colle o xornal e le)* “Serena. Unha negra moi macho. 986 487...” Joder! O meu número de teléfono! Fíxaste? O fillo de puta segue dando este teléfono. O meu teléfono! Non che dixen que Alioune, ou como coño se pronuncie, me parecía un nome de tío. Filla de puta.

ITXASO— Fillo de puta.

MAR- O que sexa.

ITXASO- Tranquilízate. Un día destes deixarán de chamarte por teléfono. E se chaman, aproveita para sacar uns cartiños. Ou para botar un polvo, que tampouco che viría mal.

Quedan caladas un tempo, Mar intentando non mirar de fronte a Itxaso e Itxaso espreitando atentamente o rostro de Mar. De pronto levántase e pregúntalle a Mar se ten cervexa, viño, calquera cousa con alcohol. Mar dille que mire na cociña, a ver se queda algo.

MAR- A última vez que estiveches aquí bebiches todo o que había.

Mar espera sentada, con mirada triste, decepcionada. Séntese incómoda. Hai cousas que preferiría non saber. Na cabeza empézanlle a dar voltas imaxes de Alioune-Serena fodendo cos seus clientes. Pensa en desfacerse dos sofás tan pronto como puidese. Ou cambiar de piso. Tamén se lle pasa pola cabeza a posibilidade de que Itxaso mirase a sección de contactos buscando alguén con quen... Prefire non seguir pensando e volve facer ese aceno de escorrentar moscas. É mellor non coñecer certos segredos, é mellor non saber quen habitou unha casa antes ca ti. Ás veces é mellor non preguntar. Itxaso entra na sala cunha botella de viño e dúas copas. Mar decide cambiar de tema.

MAR- E Kali, onde está? Quedou de vir axudarme esta tarde pero nin sequera chamou.

ITXASO- *(Servindo o viño nas copas)* Non che dixo nada? Ten problemas con Ami. Hoxe levábaa ó médico porque non se sente ben. A min dáme mala espiña esta historia. Kali non está tranquila dende que a nena lle sae co Paulo, xa sabes, non? Ese chulito que á primeira che solta: Cómo mola, como mola ser de Angola! Sabes quen che digo, non si? *(Itxaso volve espreitar o rostro de Mar, pero Mar disimula bebendo un grolo de viño)* Espero que xa se che pasase a tolería que che deu con ese rapaz. *(Espera a que Mar pouse o vaso na mesa e volve preguntarlle)* Pasóuseche, ou non?

MAR- Non sei que dicirche, é tan...

ITXASO- Tan que? Pero ti non sabes que está casado e que ten dous fillos? E ademais, non me dixeches unha vez que che daba certo noxo botar un polvo cun negro?

MAR- Non che dixen iso. Díxenche que me daba noxo deitarme cun corpo estraño, con alguén que non coñecese, e un corpo negro érame un corpo estraño. Ata que coñecín a Kali nunca tocara un. Pásame o mesmo cos brancos. E en canto a que Paulo estea casado, *me la suda*. A súa muller e os seus fillos están en África, están demasiado lonxe como para que me sinta culpable.

ITXASO- Ves? Pois iso mesmo que a *ti te la suda* é o que cabrea a Kalixta. Que teña unha familia en África. A ela tamén a deixou alá o seu home cando veu para Europa e prometeulle traela cando aforrase un pouco. Prometeulle mandarlle cartos para que arrombase a casa, mercase unha neveira, e unha lavadora, e...

MAR- (*Cortándoa divertida*) Vaia! De pequena, na aldea, tamén flipabamos coas neveiras e as lavadoras. Non é tan distinto o que viviu Kali do que vivín eu. O que si me sorprende é saber que Kali estivese casada antes de...

ITXASO- (*Interrompéndoa*) Puta aldea, tía! Sempre acabas falando do mesmo. (*Bebe un pouco viño*) Déixame falar, xa sabes que o alcohol é a miña drogha da verdade. Ben..., o que ía contarche: o cabrón do home nin lle mandou cartos para a neveira nin nada... E tardou anos en chamala e, cando a trouxo a Europa, seica a meteu a traballar nun club de Hannover, creo.

MAR- Como dis? (*Asombrada e doída*) E por que non me diría nada a min?

ITXASO- Xa sabes que é moi reservada. Non pensaches que ao mellor quere esquecelo? Non te fixaches que nunca fala do seu pasado e que cando lle preguntamos por que non vai nunca alá di que non vai ir nunca na vida. Só fala dos gorilas e dos baobás.

MAR- Menudas vidas! Eu ata que tiven uns vinte anos era católica e ía a misa. Pero un día fíxenme unha pregunta ben estúpida, estúpida de verdade. Se Deus fixo o mundo en seis días e ó sétimo descansou, pregunteime se Deus está de vacacións dende entón...

ITXASO- (*Mirando a Mar un pouco abraiada*) Menudas chorradas se che pasan pola cabeza! Que se Deus está de vacacións! Como na canción de Tom Waits... Coñeces esa canción de Tom Waits?... Pero como podes seguir crendo nesas parvadas? Se foses atea, coma min, serías ti quen tivese o cerebro descansado.

MAR- *(Servíndose outro viño)* Kali díxome unha vez que ata que chegou a Europa era animista. Non sei moi ben que relixión é esa, pero pintouma dunha forma atractiva. Tamén me dixo que desde que chegou a Europa só cría nas súas mans e no seu traballo..., e un pouco nos gorilas (*ri*). Nin sequera cre demasiado nas persoas. *(Queda calada)*. Ao mellor foi por culpa dese home co que casou en África. *(Mira a Itxaso con timidez e atrévese a preguntarlle)* E..., e que pasou con ese home? Como puido casar con Vicente se xa estaba casada? *(Itxaso non responde)* Unha vez contoume que o seu pai era polígamo e que tiña oito mulleres e que era máis doado vivir nunha sociedade polígama que nunha sociedade monógama pero adúltera como a nosa.

ITXASO- Contouche iso polo menos? Xa é algo. Pero non esquezas que ela xa é máis de aquí que de alí. É bonito oíla cando conta que na súa aldea non tiñan unha palabra como temos nós para nomear os celos, porque os celos alí non existen. Cóntao dunha forma case ideal, como se un matrimonio polígamo fose a opción perfecta. Pero ela xa non é así, deixou atrás a súa educación, os costumes e asegúroche que agora mesmo é moito máis intransixente ca nós.

MAR- Que ben a coñeces!

ITXASO- Máis ou menos coma ti. O que pasa é que eu xa a coñecía cando se separou de Vicente e ti aínda non. Non ves a contradición? Fala do ideal que é compartir afectos pero sepárase de Vicente no momento en que sabe que el ten unha amante. Non lle deu nin unha oportunidade... E iso que teñen seis fillos.

MAR- Supoño que non soportou que lle mentisen. Ela fala moito de que non soporta a mentira. Como todos, ninguén de nós a soporta pero vivimos dentro dela...

ITXASO- Por qué o dis? Dilo porque o angoleño non che contou que saía con Ami?

Silencio. Mar está un pouco nerviosa e prende un cigarro. Apágao axiña, enfadada. Hai tempo que quere deixar de fumar, pero é incapaz. Se apenas ten vontade para tomar decisións sen importancia, como vai ser capaz de non prender un cigarro cada vez que se altera desa maneira? Séntese enleada nunha madeixa de fío que non lle gusta, sente unha molesta opresión no estómago. Cando deixou o seu antigo piso para instalarse neste, estaba feliz de poder achegarse ao barrio onde vivían os máis dos amigos que fixera nos últimos meses. Case todos

estranxeiros. Ningún deles sabía nada dela, quizais por iso buscaba a súa proximidade, a súa confianza. Era especialmente amable con eles na Compañía da Auga, era especialmente amable coas mulleres cando as atopaba facendo a compra no súper ou paseando os bebés polo pequeno parque con catro árbores raquílicas que había no barrio. Era unha forma de salvarse de si mesma. Sentíase cómoda entre eles, incluso se sentía importante, como se tivese unha familia enorme, algo que a libera por veces desa continua sensación de brevidade persoal. De pronto pasáronselle pola cabeza os rostros dos seus irmáns e fixo de novo o aceno de escorrentar os pensamentos. Había anos que non tiña trato con ningún dos seus irmáns. Soa o timbre da porta. Mar vai abrir. Entra cunha moza que corre a bicar a Itxaso. É Aminata, Ami, a filla de Kali.

AMI- Ola, Chi (*abraza a Itxaso, saloucando*)

ITXASO- Ola, Ami. Por Dios, non me chames Chi. Non me gusta que me abrevies ata ese extremo. Como estás? Onde está a túa nai?

AMI- Déixasme durmir contigo? Non podoo ir á casa con mamá. Foi terrible (*bótase a chorar*)

ITXASO- Non te preocupes, cariño. Buscaremos a maneira de arranxar todo isto (*acariñándolle o pelo*). Tranquila, tranquila... (*Arrólaa entre os brazos como se fose un bebé, ata que se calma. Despois sentan no sofá*).

AMI- Só por esta noite, e ao mellor mañá tamén. Mamá quere que faga algo que eu non quero facer. Xa sabes como é, unha talibana. Non atende a razóns.

Itxaso faille un sinal a Mar para que lle sirva máis viño. Mar sírvello e, de paso, préndelle un cigarro. Itxaso ten o ventre engurrado de preocupación e non deixa de acariñar a cabeza de Ami. Mira a Mar de reollo, como pedíndolle que marche do cuarto pero Mar di que non coa cabeza e queda. Abre outra caixa e saca máis libros.

ITXASO- Cariño, que pasou? (*non espera a resposta*). Que che dixo o médico? E por que se cabreou tanto a túa nai? Xa sei, xa sei como é...

AMI- (*Recuperando unha asombrosa seguridade*) Non sabes nada, Chi...

ITXASO- (*Interrompéndoa*) Non me chames Chi, por favor, parezo un mono.

AMI- O médico díxome que teño unha infección, xa sabes... (*mirando a Itxaso tímida, sen querer darlle máis explicacións*). Só me deitei unha vez con Paulo, pero mamá montouse a película de que estaba preñada e díxome cousas terribles. Non quere que volva velo, non quere que...

MAR- (*Desde os andeis, máis doída que outra cousa*): Como mola, como mola ser de Angola!

Itxaso vólvese furiosa cara a Mar e Mar queda calada de golpe.

ITXASO- Cariño, non sei que dicirche. Só tes dezaseis anos e xa sabes que Paulo está casado e ten fillos alá. Túa nai só quere mirar por ti.

AMI- Xa. A mamá o que lle jode é que saia cun negrata, como di ela. Non deixou África para que a súa filla casase cun negro sen un can, iso foi o que me dixo hoxe. Para iso tería quedado alí, no medio da selva, cos gorilas. A ti paréceche normal que ela diga esas cousas? Teño a impresión de que todo o que nos dixo aos fillos durante estes anos era mentira. Parece unha *blanquita* falando coa súa filla. Iso non é racismo?

ITXASO- Non muller, non é iso. Só é que quere o mellor para ti, e ademais doeralle como lle doería a calquera nai. Todas as nais fixeron o mesmo con nós.

Itxaso mirou a Mar buscando o seu apoio e Mar achegouse a elas, sentou no sofá do lado, bebeu un cumprido grolo de viño e, como se lle saíse a voz dunha descoñecida pola boca, comezou a falar.

MAR- Cando tiña a túa idade un día veu unha orquestra tocar á aldea. Namoreime do guitarrista, era un mozo máis vello ca min, uns seis anos máis vello ca min. Nin sequera era guapo, só era distinto a todos os da aldea e por iso me namorei del. El vivía lonxe e, cando botabamos moito tempo sen vernos, escribíame cartas moi bonitas. Ata que mamá o soubo e me prohibiu saír con el. Encerroume na casa pero era igual, a min non se me pasaba. Incluso cheguei a comer as cartas que aquel mozo me mandaba, porque non quería que ela as descubriese nin tampouco quería tiralas. Foi moi doloroso, estiven moito tempo sen falar

con ninguén da miña familia. Pero co tempo funme esquecendo del e coñecín outros mozos e...

ITXASO- (*Intentando desdramatizar*) Agora entendo por que che gustan tanto os guitarristas. (*Volvéndose cara a Ami*). A min tamén me pasaron cousas así. E non se acaba o mundo. (*Volvéndose cara a Mar*) Non me jodas que comías as cartas?

MAR- Xúrocho, debín de comer ducias de cartas.

ITXASO- Así quedaches.

Ami parece máis tranquila pero, de pronto, volve chorar.

ITXASO- Acouga, cariño. Xa verás como se arranxa todo.

AMI- Ti sabías que mamá ten un fillo alá, na súa aldea? Tívooo con catorce anos, do seu primeiro home. Ti sabías iso, Chi? (*Mirando a Mar*) E ti, Mar? Contóuvolo algunha vez? (*Mar e Itxaso míranse asombradas*) Pois eu sóubeno hoxe. Non me dixo nin o seu nome. Como se pode agochar semellante historia? Como se pode ser tan mentireira? Deixar atrás un fillo...

MAR- Vaia! Falabamos hai pouco das mentiras...

AMI- Tamén por iso me doe que me diga que non podo andar con Paulo porque ten unha familia africana. Pero se ela fixo o mesmo! Non vos dades conta do difícil que é para min entendelo?

ITXASO- E para nós, cariño. Pero as súas razóns terá. A súa vida non che foi doada, non é como a túa. Ti tes de todo e non sabes polo que pasou ela para que ti poidas vivir como vives.

MAR- Por que cona seguirá Deus de vacacións?

AMI- Todo isto é unha merda incomprendible.

Ami bótase a chorar de novo e Itxaso lévaa da sala, a un cuarto. Mar queda

sentada bebendo. Está sorprendida, quizais decepcionada porque Kali lle calase tantas cousas. Está doída porque unha rapariga lle arrebatase o amor de Paulo. Aínda que, a verdade, nunca houbera entre eles nada máis que unha certa complicidade e algúns bicos fuxidíos. Itxaso entra na sala.

ITXASO- Ami quedou durmida, cos gatos. Deberíamos chamar a Kali para dicirlle que está aquí. *(Colle o teléfono e fala con Kali nunha esquina)*

MAR- *(Soa, de pé, bebendo).* Bueno, si que houbo algo máis *(e volve facer o aceno de escorrentar as moscas, pero esta vez o que escorrenta é unha fonda sensación de vergoña).* Ofrecinlle casar con el para que legalizase a súa situación. Manda carallo! Por iso nunca me deu unha resposta. Tiña a Ami, noviña e guapa. Para que ía casar cun alguén que podía ser a súa nai?

Itxaso hai un tempo que está detrás dela escoitándoa.

ITXASO- Así que lle pediches que casase contigo? Cantas cousas hai que non sabemos as unhas das outras!

MAR- Mellor así.

Soa o teléfono vermello. Míranse as dúas divertidas. Mar achégase á mesa e descolga. Está de pé. Itxaso espera.

MAR- Si? *(Silencio)* Cómo di? *(Silencio)* Que ten un que? *(Silencio)*... Que ten un pelo púbico meu na gorxa e non pode comer?... *(Silencio)*... Por deus! Use un desatascador! *(Colga o teléfono. Leva as mans ao estómago e fai como se tivese náuseas).*

ITXASO- Pero que che dixo ese mamón?

MAR- *(Tomándose un tempo para evitar a risa)* Díxome que lle quedara un pelo meu na gorxa e que quería que lle fixese... unha auténtica porcallada! Que cousas debía facer a Serena! Por deus! *(Cambiano de tema)* Falaches con Kali? Que che dixo?

ITXASO- Que a deixasemos durmir, que viría buscala máis tarde.

MAR- *(Sentando no sofá, como se sentise unha tristeza repentina)* Sabes? Dóeme que Kali non confiase en min. Doeume ter que saber da súa vida desta maneira. Eu pensaba que entre nós non había segredos.

ITXASO- *(Tamén está triste, nostálgica e, de pronto, deixa caer a cabeza sobre os xeonllos de Mar).* Sabes que fixen o último día que estiven na casa dos meus pais, a noite antes de casar? Pedinlles que sentasen no sofá e me deixasen deitarme no seu colo. No colo dos dous. Como se fose un bebé grande. E deixáronme. Non falamos. Botamos así moito tempo, e creo que choramos un pouco os tres. Cando me sinto mal lembro os aloumiños desa noite, os aloumiños de papá e mamá sentados naquel sofá, o meu desexo de ser un bebé sempre no seu colo. Non podes entendelo. Por moito que digas que si, por moito que intentes poñerte no meu sitio, non podes entendelo, non podes saber o que eu sentín naquel momento. Por iso, ás veces, é mellor calar as cousas, gardalas para un só. Non dicir nada. Ter certos segredos agochados para que ninguén nos xulgue, como se os levase Deus de vacacións.

MAR- O gran deus, como os gorilas de Kali. Ti cres que Kali veu algunha vez un gorila e que son como di ela, como deuses poderosos?

ITXASO- É máis bonito pensar que si.

MAR- De verdade que pagas por follar? *(Silencio longo)* Non, non mo digas. Prefiro non sabelo.

Quedan as dúas en silencio. Mar chama por última vez aos gatos. Pero os gatos non aparecen.